



Concello de Cangas

**Expte:** 2573/2017

**Procedemento:** PS-17/06 Proceso selectivo 2 técnicos/as de turismo subvención Xunta

**Documento asinado por:** O Alcalde

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido nas bases aprobadas por Decreto de Alcaldía 2017/0461 de data 07/06/2017 que rexen o proceso selectivo para a selección e posterior contratación de dous técnicos/as de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas polo sistema de concurso oposición, en base á concesión ao Concello de Cangas da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 29/12/2016 (DOG nº 13 de 19/01/2017), ao remate do proceso de selección o Tribunal responsable da selección fixo pública e elevou a súa proposta a esta Alcaldía o día 27/06/2017 polo que tomando en consideración a base citada procede acometer a contratación das persoas designadas e aprobar igualmente a lista de reserva prevista nas bases para o suposto da cobertura das baixas que se produzan.

A contratación se realizará en réxime de contrato laboral temporal a tempo parcial (75 % da xornada) por circunstancias da produción, por un período de dous meses a contar dende o 01/07/2017 a 31/08/2017, coa distribución de xornada seguinte: luns de 11:00 a 14:00 horas, martes de 11:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 19:30 horas, mércores de 11:00 a 14:00 horas, xoves de 11:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 19:30 horas, venres de 16:30 a 19:30 horas e sábado de 9:53 horas a 14:00 horas e de 16:30 a 19:30 horas.

En virtude do anteriormente exposto en aplicación das facultades que me confire a lexislación vixente en particular no disposto nos apartados g) e h) do artigo 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aceptar a proposta formulada e proceder á contratación nos termos fixados nas bases de Iglesias Barreiro, Beatriz DNI 52495699Q e de Martínez Costas, Yolanda DNI 78738385R formalizando o seu contrato por 2 meses de acordo coa subvención outorgada entre o 01/07/2017 e o 31/08/2017 os custes salariais (remuneración total bruta de 1031,90 euros ao mes) irán con cargo á partida orzamentaria 432-131 e os custes de seguridade social con cargo a partida orzamentaria 432-16000.

**SEGUNDO:** Aprobar igualmente de acordo coas bases a lista de substitucións para a cobertura das baixas entre as persoas inicialmente seleccionadas que ten a seguinte composición e orde a efectos de posibles chamamentos:

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
BARREIRO VILLAR, TANIA	53117203Z
CONDE ROMERO, IRIA	53113218P
CARIDE PEREZ, MARIA AMANTE	36030858R

**TERCEIRO:** Dar traslado da presente resolución aos interesados, ao Comité de Empresa, á Intervención e ó Negociado de Persoal deste Concello deixando constancia no expediente de nóminas xunto cos recursos procedentes.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850